Concello de Cangas

# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| XGL/2017/28 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 12 de xuño de 2017 |
| **Duración** | Desde as 20:03 ata as 20:56 horas |
| **Lugar** | SALA DE SESIÓNS |
| **Presidida por** | XOSE MANUEL PAZOS VARELA |
| **Secretario** | BERTA ALONSO SOTO |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| 77010633D | ANDRÉS GARCÍA BASTÓN | SÍ |
| 53171075C | EVA RODRÍGUEZ CALVAR | NON |
| 73240505H | HÉITOR MERA HERBELLO | SÍ |
| 76807564F | LOURDES RIAL PARDO | NON |
| 78730184B | MARIANO ABALO COSTA | SÍ |
| 76811297Z | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS | SÍ |
| 53113479Q | TANIA CASTRO PAREDES | NON |
| 78739263M | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ | SÍ |
| 76328194A | XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA | SÍ |
| 34907283E | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS | SÍ |
| 78736615W | ÁNXELA VIZOSO MARCOS | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

| A) PARTE RESOLUTIVA |
|---|

| **Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 5 de xuño de 2017** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 5 de xuño de 2017. | |

| **INFORME POLICÍA 777/17. SINALIZACIÓN AVDA. DE MOAÑA** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Nº Expediente: 3632/2017

Nº Rex. Policía: 777/17

ASUNTO: SINALIZACIÓN NA AVENIDA DE MOAÑA

Que tendo en conta a situación actual problemática de tráfico que se está dando na rúa arriba sinalada, PROPONSE:

1.- Que o tramo da Avda. de Moaña, desde a súa confluencia coa rúa A Paz e ata o seu tramo final, onde non poden xa baixar vehículos, debe ser declarado como ZONA PEONIL, xa que está no contorno desta e comunicada para a circulación de viandantes.

2.- Procederase á sinalización do tramo con panel peonil, tal e como acontece no resto das zonas.

3.- Colocaranse tres bancos de pedra e o sinal no punto anteriormente citado, unindo lavadoiro e extremo rúa A Paz.

4.- Tamén se situaría unha xardineira na entrada da Fonte Ferreira para que non accedan vehículos.

| **Expediente 3540/2017. Informe policial 673/17 (sinalización)** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Expte. Gestiona: 3540/2016

Nº Rex. 673/17

ASUNTO: SOLICITUDE DE ZONA DE CARGA E DESCARGA NA AVDA. DE GALICIA, Nº 35-BAIXO A-CANGAS

Que trala comprobación da solicitude de zona de carga e descarga na Avda. de Galicia, nº 35-Baixo A, procédese ao solicitado delimitando catro prazas de estacionamento.

**Expediente 3630/2017. SINALIZACIÓN R/SAN JOSÉ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Nº REX: 751/17

ASUNTO: SOLICITUDE DE ZONA DE CARGA E DESCARGA NA FARMACIA FORNOS SITA EN RÚA SAN JOSÉ, 37

Con relación ao escrito presentado por J.A.F.P., que solicita unha zona de carga e descarga en rúa San Xosé, nº 37-Cangas, informa que non existe inconveniente en instalar unha zona de carga e descarga con horario de utilización.

**Expediente 3169/2017. SOLICITUDE SINALIZACIÓN MANUEL VIDAL VIZOSO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Nº REX.: 669/17

ASUNTO: SOLICITUDE DE COLOCACIÓN DE SINAL VERTICAL EN CAMIÑO VELLO DE SAN ROQUE Nº 90

Con relación a solicitude de M.V.V., no que solicita instalación dunha sinalización vertical que impida a parada e estacionamento nunha estrada sen saída que remata na casa nº 90, entrando polo Cruceiro (roto) do Camiño Vello San Roque á man dereita.

Que se fai constar que a citada vía está asfaltada ata o número 90, onde remata a posibilidade de circulación rodada. Carece de sinalización horizontal e vertical e tan so é utilizada polos veciños da zona (na entrada existe unha sinalización vertical de entrada prohibida agás residentes).

Que segundo informacións recibidas, as dúas últimas vivendas, viven en un continuo conflito veciñal con denuncias cruzadas tanto a nivel urbanístico como outras.

Que o motivo da solicitude da sinal vertical de prohibido estacionar e parar, é que o veciño estaciona o seu coche nesa estrada sen saída e parece ser que non lle deixa pasar para a súa propiedade por un camiño de pés que existe despois da rúa asfaltada.

Pódese comprobar que o solicitante ten acceso a súa propiedade desde a súa propia vivenda e que polo camiño de pés que continua despois da zona asfaltada non parece que sexa transitado por ninguén desde fai tempo.

Que se observa que o vehículo que estaciona no lugar, deixa acceso ao paso de persoas, sen ningún tipo de impedimento (ver reportaxe fotográfica).

Que prohibir o estacionamento neste tipo de vías, posiblemente non faga mais que acrecentar o conflito veciñal, polo que igual sería mellor pintar unha zona de exclusión ao remate da vía asfaltada para deixar un paso libre o suficientemente ancho para quen queira pasar polo citado camiño de pes e que este quede totalmente libre.

| **Expediente 653/2017. Licenza urbanística** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

EXPEDIENTE 653/2017.- A ROMALU CANGAS S.L, titular do CIF B 94.060.217, con enderezo a efectos de notificacións en Avenida de Ourense nº 16, 5º B, Cangas conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza para realización de obras de conservación, substitución de forxados e redistribución interior de edificación existente na Rúa Arrecife nº 14-16, segundo proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y. visado o 16 de novembro de 2016. O presuposto de execución material da obra ascende a 63.687,68.€.

Visto o artigo 90 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, o Concello comunicaralle ao rexistro da propiedade, para efectos da súa constancia, as limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación. Obra no expediente acta de comparecencia de data 1 de xuño de 2017 na que o interesado renuncia ó incremento do valor de expropiación motivado polas obras solicitadas.

| **Expediente 878/2017. Licenza urbanística** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

EXPEDIENTE 878/2017 (EXPTE. Nº 26.151).- A A.S.L., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Torrecedeira, nº 55-3ºF (36202) Vigo, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para formación de cuberta de edificación existente na Rúa Sobreiriña, nº 41-Nerga-O Hío, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto técnico F.M.L. de data setembro de 2016 e documentación modificada incorporada ao expediente o 29 de marzo de 2017. O presuposto de execución material da obra ascende a dezasete mil seiscentos corenta e sete euros con cincuenta e oito céntimos (17.647,58 €).

| **Expediente 1805/2017. Licenza urbanística de obras maiores** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

EXPEDIENTE 1805/2017.- A O.S.R., con enderezo a efectos de notificacións na Pedreira, nº 27-B-Gondarán, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de

terceiros, licenza de obra para ampliación en 21,00 m2., de vivenda unifamiliar mediante a cubrición da planta baixa, sita no mesmo lugar segundo o proxecto técnico elaborado polos arquitectos R.O.S. e J.A.F.M. visado o 24.03.2017. O presuposto de execución material da obra ascende a dezasete mil seiscentos vinte euros con vinte céntimos (17.620,20 €).

| Expediente 1867/2017. Declaración de caducidade de licenza urbanística | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

EXPEDIENTE Nº 1867/2017 (EXPTE. Nº 20.333–LICENZA Nº 20.041).- Acordar a caducidade da licenza urbanística nº 20.041 concedida a favor de F.M.S. para a construción de unha vivenda unifamiliar en Pinténs-O Hío, e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo de remate das obras estipulado, constatado o incumprimento dos prazos previstos legalmente para o remate das obras, de conformidade co establecido no artigo 145 de Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto esta non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do Concello.

| Expediente 874/2017. Autorización autonómica licenza de actividade | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

EXPEDIENTE Nº 874/17.-

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica en solo non urbanizable de proteción forestal, na leira sita en Pinténs-O Hío, denominada “Os Carballos”, “Sobre Salgueiro”, Huchas” "As uchas" e “Carballos”, atendendo ao seu interese para o turismo e á súa conformidade coa natureza rústica dos terreos, para o desenvolvemento do tramitado a instancia de J.L.V.L., para actividade de bodega de viño no Lugar dos Carballos–Pinténs-O Hío, cunha superficie contruída para o desenvolvemento da actividade de 242,50 m2., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.R.L. de data novembro de 2015.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral competente en materia de Urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ao seu regulamento de desenvolvemento e aos instrumentos de ordenación do territorio e para que resolva no prazo de tres meses, visto e que conta con todos os informes sectoriais pertinentes e

tendo en conta os informes favorables emitidos ao respecto polo arquitecto municipal e a xefa do servizo de Urbanismo.

| **Expediente 2441/2017. Comunicación previa en materia urbanística** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE Nº 2441/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por B.V.V., con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Vello, nº 27-Aldán, para reposición de tramo de cerramento de parcela sita en Camiño Vello, nº 27-Aldán, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 19.04.17. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos oitenta euros (680,00 €). | |

| **Expediente 1707/2017. Comunicación previa en materia urbanística** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE Nº 1707/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por E.V.P., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Bueu-Menduíña, nº 99-Baixo-Aldán, para acondicionamento de local para perruquería na Avda. Unión-O Igrexario, nº 5–Baixo-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 23.03.17 e á autorización da Xefatura Territorial de Patrimonio de data 30.05.2017, no que di que a carpintería exterior do local deberá manter o mesmo cor gris das carpinterías existentes nas vivendas dos andares superiores e, de ser necesario a colocación de carteis, deberase remitir para a súa autorización, indicando que estes deberán ser de forma, tamaño, materiais e cores discretas que harmonicen co contorno e dispostos dentro do oco de fachada como os xa executados noutros locais deste inmoble. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cincuenta e seis euros con seis céntimos (3.056,06 €). Rematadas as obras deberá presentar comunicación previa de inicio de actividade. | |

| **Expediente 2720/2017. Comunicación previa en materia urbanística** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE Nº 2720/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por P.C.B., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Ramal Paraíso, nº 2B-2ºD-Cima de Vila-Cangas, para reparacións exteriores en caseta de planta baixa anexa á vivenda sita na Rosada, nº 28-C-Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 28.04.17. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos oitenta e un euros con vinte e oito céntimos (281,28 €). | |

| **Expediente 2517/2017. Comunicación previa en materia urbanística** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| EXPEDIENTE Nº 2517/2017.- Dáse conta da comunicación previa presentada por B.L.M., con enderezo a efectos de notificacións en Liméns, nº 65-O Hío, para cerramento lateral de parcela sita en Liméns, nº 65-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 24.04.17. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cincuenta e seis euros con seis céntimos (3.056,06 €). | |

| **Expediente 2015/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua (supostos da Lei 9/2013, de 19 de decembro)** | |
|---|---|
| **Non hai acordo** | **Motivo:** Falta de tempo |
| | |

| **Expediente 518/2017. Infración urbanística 36/2016-518/2017 (F.J.A.P.)** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Expediente nº: 36/2016-518/2017

Procedemento: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INICIO EXPEDIENTE DE SANCIÓN

Resultando que no lugar de Donón-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cerramento de cachotería sen recuado do camiño.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados F.J.A.P., promotor.

Resultando que, con data 19 de maio do 2017 a inspección de obras deste Concello informa que: “O muro reformado non é novo, estaba moi deteriorado polo tempo e a maleza. Sinalar que o 08.05.2017, na Xunta de Goberno Local se rematou a C.P. 1383/2017 para o saneamento e reforma deste muro”.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma e o informe dos servizos técnicos deste Concello de data 30 de maio do 2017.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros., de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciránse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento de cachotería sen recuado do camiño, no lugar de Donón-O Hío.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

| **Expediente 238/2017. Infracción urbanística (Expte. 26/2016) C.G.R.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Expediente núm.: 26/2016-238/2017

Procedemento: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN SANCIÓN

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar Liméns-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento frontal a menos de catro metros do eixo do camiño.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 6 de febrero do 2017 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Municipio de Cangas, ordenanza de aplicación, título V das Normas Urbanísticas II, sistema viario.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: C.G.R., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda ación de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción a C.G.R. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un cerramento frontal a menos de catro metros do eixo do camiño no lugar de Liméns–O Hío, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe imponerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir ó interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

| **Expediente 3358/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:**<br>Unanimidade/Asentimento |

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por A.T.F., por importe de trescentos euros (300,00 €), no expediente nº 25.043, licenza de obras nº 23.989.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

| Expediente 2560/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de seis mil catrocentos dezasete euros con corenta e tres céntimos (6.417,43 €) e da garantía por importe de vinte e tres euros con sesenta e un céntimos (23,61 €), depositado pola empresa "Ancoradouro SL", no expediente de obras nº 23.619, licenza nº 24.655.<br><br>Segundo.- Notificar este acordo ao interesado. | |

| Expediente 2120/2017. SAF 2966/01- DEPENDENCIA 2017 | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Visto o informe social da traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:<br><br>* Arquivo do Servizo de Axuda a Domicilio pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/002966-46278, de M.V.O., tralo seu falecemento. | |

| Expediente 3357/2017. SOLICITUDE EMERXENCIA SOCIAL | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:<br><br>* Concesión de axuda económica de setecentos euros (700,00 €) a R.M.AV. con DNI nº 54232409L. | |

| Expediente 425/2017. QUIOSCOS PRAIAS-2017 | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Con rexistro de entrada do 19 de xaneiro de 2017, recibiuse oficio do Xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos Plans de Ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2017. Así mesmo, a Xefatura provincial de Costas, insta aos Concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións. | |

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- O Concello de Cangas interesado no aproveitamento dos recursos naturais dun xeito sostible, para ao exercicio de deportes náuticos, acorda solicitar ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a autorización para a instalación de 2 contedores (2,50 x 6,00 metros) para a actividade de Windsurf e Stand Up Paddle (SUP) durante a tempada de verán na Praia de Limens (segundo planos de situación que se achegan e proxecto presentado).

Actividade que vai desenvolver a Escola Municipal de Windsurf e e Stand Up Paddle que desenvolve o Limens Wind & Sup Club.

Indicar que existe un convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e o Limens Wind & Sup Club, a través dunha escola municipal deportiva que desenvolve un traballo moi intensivo coa canteira.

A ocupación temporal será polo tempo máximo autorizado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

A localización dos servizos solicitados nas praias indicadas é a que se sinala nos planos que se xuntan.

| **Expediente 3503/2017. CÁMARA AGRARIA COTA ANUAL** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:**<br>Unanimidade/Asentimento |

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que con data 7 de marzo de 2014 o Concello de Cangas acordou a adquisición con pago aprazado do inmoble da antiga Cámara Agraria Local, sito en rúa Cuba, número 4 do Concello de Cangas.

Visto que con data de 17 de abril de 2017 (Rexistro número 4115), procede a liquidar a cota correspondente e requirir o pago da anualidade correspondente a 2017, por un importe total de corenta e seis mil trescentos cincuenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (46.352,85 €), dos que trinta e oito mil trescentos oito euros con catorce céntimos (38.308,14 €) corresponden ao principal e oito mil corenta e catro euros con setenta e un céntimos (8.044,71 €) corresponden a xuros.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago da anualidade correspondente a 2017 pola adquisición con pago aprazado do inmoble da antiga Cámara Agraria Local, por un importe total de corenta e seis mil trescentos cincuenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (46.352,85 €), dos que (38.308,14 €) corresponden ao principal e oito mil corenta e catro euros con setenta e un céntimos (8.044,71 €) corresponden a xuros.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos servizos de Intervención e Tesourería municipais para os efectos de impulso do procedemento.

| Expediente 3695/2017. Certame de maquetas MUSICANGAS | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Concellaría de Mocidade do Concello de Cangas convoca a I Edición do Certame de maquetas de grupos noveis para que grupos e solistas da Comarca do Morrazo, de calquera estilo de música poidan participar.

A finalidade desta iniciativa é promover, apoiar, incentivar o gusto e a afeción pola música estimulando a creatividade artística dos xoves.

As bases que regulan esta convocatoria son as seguintes:

1.- Co fin de promover e difundir a música independente de calquera estilo, convócase o I CERTAME DE GRUPOS NOVEIS 'MUSICANGAS'.

2.- Poderán participar todos aqueles grupos ou solistas que o desexen da comarca do Morrazo (Cangas, Bueu, Moaña, Marín).

3.- Non poderán participar aqueles que teñan na actualidade un contrato discográfico en vigor (admitiranse grupos con traballos discográficos autofinanciados por eles mesmos) nin os gañadores doutros certames.

4.- Cada grupo ou solista deberá presentar un mínimo de DOUS TEMAS (máximo 15 minutos, sendo orixinais en canto a composición de letras e música).

5.- No formulario de inscrición indicaranse os TEMAS, no caso que se presenten máis de dous e serán os que o xurado tomará como inscritos, tendo que ser, orixinais en letra e música e que serán os que se interpreten en directo no concurso.

6.- A maqueta será presentada en formato CD ou USB, ou ben remitindo as direcións dos enlaces dos temas en youtube. No exterior debe ir o nome do grupo ou solista.

7.- Xunto a maqueta se achegará un DOSSIER que debe conter obrigatoriamente: encabezado co nome artístico, biografía do grupo ou solista, nome dos compoñentes, idade, fotografías e ridder.

IMPORTANTE: incluír correo electrónico, teléfono e dirección postal de contacto.

8.- En ningún caso será devolto o material enviado.

9.- O material deberá ser achegado por correo ordinario antes do día 15 de xullo (non se aceptarán traballos a man) a: Casa da Xuventude-Rúa Real, nº 29–36940-Cangas.

10.- O faio do xurado darase a coñecer o día 28 de xullo.

11.- Serán seleccionados catro grupos que participarán nun festival o día 24 de agosto.

12.- Outorgarase un único premio de cincocentos euros (500,00 €) ao gañador e 3 accésits de douscentos cincuenta euros (250,00 €) aos catro seleccionados.

13.- Os catro selecionados participarán no festival e a orde de actuación será proposta pola organización do festival.

14.- O xurado do certame poderá declarar deserto o premio, se o estima oportuno.

15.- Os participantes aceptarán o faio do xurado, sendo este inapelable.

16.- A inscrición e participación neste certame implica a aceptación da totalidade das bases e a propagación dos traballos en medios de comunicación.

17.- O Festival MusiCangas adquire os dereitos de imaxe dos participantes do certame.

**Expediente 1542/2017. PROPOSTA CADRO DE VACACIÓNS-2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

| | |
|---|---|
| CASA CONCELLO - OFICINAS | |
| | |
| SECRETARÍA | |
| | |
| B.A.S. | 29/08/2017 ó 06/09/2017<br>11/10/2017 ó 23/10/2017<br>(9 días pendentes) |
| M.C.B.S. | 19/05/2017 ó 2/06/2017<br>4/09/2017 ó 15/09/2017 |
| M.C.G.M. | 10/07/2017 ó 28/07/2017<br>09/10/2017 ó 26/10/2017 |
| T.F.A. | 14/08/2017 ó 07/09/2017<br>13/10/2017 ó 26/10/2017 |
| | |
| APOIO XURÍDICO-SECRETARÍA | |
| L.M. D. | 26/07/2017 ó 30/08/2017 |
| P.P.P. | 4/09/2017 ó 29/09/2017<br>9/10/2017 ó 13/10/2017 |
| | |
| PERSOAL | |
| | |
| M.S.S. | 03/07/2017 ó 09/08/2017 |

| | |
|---|---|
| GABINETE DE ALCALDÍA | |
| P.C.C. | 17/07/2017 ó 31/07/2017<br>01/09/2017 ó 26/09/2017 |
| | |
| ESTATÍSTICA | |
| J.G.G. | 29/06/2017 ó 31/07/2017<br>01/12/2017 ó 11/12/2017 |
| J.C.V.M. | 01/08/2017 ó 08/09/2017 |
| | |
| ARQUIVO | |
| J.L.I. | 01/08/2017 ó 18/08/2017<br>04/09/2017 ó 22/09/2017 |
| | |
| INTERVENCIÓN | |
| S.C.M. | |
| M.Y.E.C. | 7/08/2017 ó 31/08/2017<br>18/09/2017 ó 27/09/2017 |
| R.S.G. | 3/07/2017 ó 2/08/2017<br>4/09/2017 ó 8/09/2017 |
| J.L.T.S. | |
| | |
| TAXAS | |
| R.B.M. | 31/07/2017 ó 08/09/2017 |
| J.L.M. | 19/07/2017 ó 31/07/2017<br>21/09/2017 ó 02/10/2017<br>22/12/2017 ó 31/12/2017 (6 días pendentes) |
| M.J.M.S. | 01/08/2017 ó 01/09/2017<br>5 días pendentes |
| | |
| TESOURERÍA | |
| A.M.R.A. | 11/09/2017 ó 15/09/2017<br>02/11/2017 ó 10/11/2017<br>26/12/2017 ó 29/12/2017 |
| M.C.R.S. | 3/07/2017 ó 24/07/2017<br>1/09/2017 ó 12/09/2017 |
| M.C.S.F. | 16/08/2017 ó 31/08/2017<br>2/10/2017 ó 11/10/2017 |
| | |
| URBANISMO | |
| M.R.G. | 30/10/2017 ó 31/10/2017<br>02/11/2017 ó 10/11/2017<br>02/10/2017 ó 06/10/2017<br>14/08/2017 ó 21/08/2017 |

| | |
|---|---|
| | 26/12/2017 ó 02/01/2018 |
| A.L.P. | 07/06/2017 ó 20/06/2017 |
| A.G.I. | 10/04/2017 ó 12/04/2017<br>24/07/2017 ó 16/08/2017<br>18/09/2017 ó 25/09/2017 |
| A.F.F. | 19/06/2017 ó 21/07/2017 |
| J.M.P.P. | 01/08/2017 ó 08/09/2017 |
| F.R.P. | 20/06/2017 ó 31/07/2017 |
| T.C.R. | 11/05/2017 ó 19/05/2017<br>01/08/2017 ó 31/08/2017 |
| M.I.M.F. | 19/07/2017 ó 28/07/2017<br>16/08/2017 ó 07/09/2017 |
| M.A.F. L. | 01/07/2017 ó 31/07/2017<br>17/04/2017 ó 21/04/2017 |
| | |
| REXISTRO | |
| M.G.P. | 7/08/2017 ó 14/09/2017 |
| L.F.L. | 27/06/2017 ó 4/08/2017 |
| | |
| NOTIFICADORES | |
| | |
| A.C.B. | |
| | |
| OFICINA TÉCNICA | |
| | |
| C.G.C. | 15/05/2017 o 23/05/2017<br>15/06/2017 ó 30/06/2017<br>1 /09/2017ó 15/09/2017 |
| | |
| MEDIO AMBIENTE | |
| | |
| BRIGADA DE OBRAS | |
| | |
| J.J.R. | 08/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 15/09/2017 |
| V.P.G. | 03/07/2017 ó 28/07/2017<br>01/09/2017 ó 12/09/2017 |
| J.R.R.M. | 17/07/2017 ó 31/07/2017<br>29/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 08/09/2017<br>22/12/2017 ó 29/12/2017 |
| J.S.F. | 03/07/2017 ó 28/07/2017<br>02/10/2017 ó 13/10/2017 |
| J.A.A.A. | 03/07/2017 ó 14/07/2017<br>16/10/2017 ó 31/10/2017 |

| | |
|---|---|
| | 02/11/2017 ó 08/11/2017 |
| R.P.R. | 16/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 22/09/2017 |
| C.M.G. | 22/06/2017 ó 30/06/2017<br>03/07/2017 ó 31/07/2017 |
| J.L.S.M. | 22/06/2017 ó 30/06/2017<br>03/07/2017 ó 31/07/2017 |
| J.M.M.S. | 01/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 08/09/2017 |
| R.R.G. | 14/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 21/09/2017 |
| R.G.D. | 01/09/2017 ó 30/09/2017<br>03/10/2017 ó 07/10/2017 |
| A.F.P. | 21/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 27/09/2017 |
| E.L.S. | 11/09/2017 ó 29/09/2017<br>02/10/2017 ó 13/10/2017 |
| T.G.R. | 16/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 23/09/2017 |
| A.H.D. | 29/08/2017 ó 31/08/2017<br>01/09/2017 ó 29/09/2017<br>02/10/2017 ó 05/10/2017 |
| M.M.F. | 14/08/2017 ó 18/08/2017<br>18/09/2017 ó 29/09/2017<br>02/10/2017 ó 13/10/2017 |
| | |
| BRIGADA ELECTRICISTAS | |
| A.S.M. | 26/06/2017 ó 07/07/2017<br>01/09/2017 ó 15/09/2017<br>04/10/2017 ó 13/10/2017 |
| X.M.C.F. | 12/06/2017 ó 23/06/2017<br>10/07/2017 ó 31/07/2017<br>04/08/2017 ó 07/08/2017 |
| X.C.B.M. | 09/06/2017 ó 16/06/2017<br>14/08/2017 ó 31/08/2017<br>18/09/2017 ó 29/09/2017 |
| | |
| EMERXENCIAS-PROTECCIÓN CIVIL | |
| J.F.A. | 16/07/2017 ó 30/07/2017<br>01/09/2017 ó 15/09/2017 |
| S.L.S. | 16/06/2017 ó 30/06/2017<br>16/09/2017 ó 30/09/2017 |
| P.C.R. | 01/07/2017 ó 15/07/2017<br>16/10/2017 ó 30/10/2017 |
| J.L.C.O. | 02/08/2017 ó 16/08/2017<br>01/10/2017 ó 15/10/2017 |
| C.C.P. | 01/06/2017 ó 15/06/2017 |

| | |
|---|---|
| | 17/08/2017 ó 31/08/2017 |
| | |
| SEPULTUREIROS | |
| F.F.R. | 23/08/2017 ó 30/09/2017 |
| J.M.F. | 15/06/2017 ó 30/06/2017<br>02/10/2017 ó 18/10/2017 |
| | |
| LIMPEZA VIARIA | |
| E.S.F. | 01/07/2017 ó 10/08/2017 |
| M.R.C. | 23/05/2017 ó 08/06/2017<br>14/08/2017 ó 31/08/2017 |
| A.J.G.M. | 14/06/2017 ó 22/06/2017<br>04/12/2017 ó 04/01/2018 |
| J.L.M.P. | 01/06/2017 ó 11/07/2017 |
| M.A.R.C. | 01/09/2017 ó 09/10/2017 |
| B.F.A. | 02/11/2017 ó 15/12/2017 |
| | |
| CASA DA CULTURA | |
| P.R.G. | 1/08/2017 ó 31/08/2017<br>(5 días pendentes) |
| F.C. | 21/06/2017 ó 28/07/2017 |
| | |
| | |
| BIBLIOTECAS PARROQUIAIS | |
| M.I.C.S. | 3/07/2017 ó 24/07/2017<br>21/08/2017 ó 31/08/2017 |
| M.I.R.M. | 31/07/2017 ó 1/09/2017<br>08/09/2017 |
| A.M.G. | 6/07/2017 ó 7/07/2017<br>18/09/2017 ó 29/09/2017<br>16/10/2017 ó 31 /10/2017 |
| E.M.G.F. | 14/07/2017 ó 18/08/2017<br>8/09/2017 ó 08/09/2017 |
| | |
| UAD | |
| M.P.F. | 08/05/2017 ó 10/05/2017<br>31/07/2017 ó 31/08/2017 |
| A.F.V. | 30/05/2017 ó 16/06/2017<br>07/08/2017 ó 22/08/2017 |
| E.A.S.-M. | 2,3,4 maio<br>29/05/2017 ó 9/06/2017<br>15,16,18 xuño<br>7/07/2017 ó 14/07/2017<br>29/09/2017 ó 6/10/2017 |
| M.G.M. | 01/08/2017 ó 1/09/2017 |

| | |
|---|---|
| | 1/12/2017 ó 11/12/2017 |
| B.C.B. | 30/06/2017 ó 31/07/2017<br>04/09/2017 ó 8/09/2017 |
| M.C.C. | 3/07/2017 ó 10/08/2017 |
| E.T.G. | 14/07/2017 ó 30/07/2017<br>29/08/2017 ó 20/09/2017 |
| A.C.I. | 13/06/2017 ó 03/07/2017<br>18/09/2017 ó 29/09/2017 |
| M.P.C. | 17/07/2017 ó 04/08/2017<br>04/09/2017 ó 21/09/2017 |
| | |
| CMBS | |
| E.G.G. | 11/09/2017 ó 29/09/2017<br>25/10/2017 ó 10/11/2017 |
| I.C.G.P. | 26/06/2017 ó 2/08/2017 |
| R.C.A. | 7/09/2017 ó 11/09/2017 |
| I.P.P. | 11 /09/2017 ó 13/10/2017 |
| R.L.D. | 5/05/2017 ó 12/05/2017<br>4/09/2017 ó 2/10/2017 |
| E.S.P. | 24/07/2017 ó 31/08/2017 |
| P.T.G. | 17/07/2017 ó 28/07/2017<br>29/08/2017 ó 15/09/2017 |
| M.R.C. | 3/04/2017 ó 6/04/2017l<br>5/06/2017 ó 19/06/2017<br>2/10/2017 ó 13/10/2017 |
| E.B.P. | 3 /07/2017 ó 14/07/2017<br>4/09/2017 ó 31/09/2017 |
| S.S.S. | 16/07/2017 ó 2/08/2017<br>16/08/2017 ó 1 /09/2017 |
| | |
| AULA ESTIMULACIÓN | |
| C.M.G.M. | 1707/2017 ó 24/07/2017<br>14/08/2017 ó 18/08/2017<br>4/09/2017 ó 8/09/2017<br>26/12/2017 ó 5/01/2018 |
| L.F.F. | 10/07/2017 ó 14/07/2017<br>4 /08/2017 ó 7/08/2017<br>11/09/2017 ó 20/09/2017<br>26/12/2017 ó 5/01/2018 |
| J.M.F. | 24 /07/2017 ó 4/08/2017<br>24/08/2017 ó 1 /09/2017<br>26/12/2017 ó 5 /01/2018 |
| | |
| AXENCIA DESENVOLVEMENTO LOCAL | |
| C.F.D. | 08/06/2017 ó 14/06/2017 |
| | |

| | |
|---|---|
| XUVENTUDE E VOLUNTARIADO | |
| M.L.N. | 20/07/2017 ó 31/07/2017<br>04/09/2017 ó 29/09/2017 |
| M.M.N.V. | 03/07/2017 ó 19/07/2017<br>30/07/2017 ó 16/08/2017 |
| A.M.B.A. | 05/06/2017 ó 16/06/2017<br>07/09/2017 ó 26/09/2017 |
| R.M.C. | 10/07/2017 ó 31/07/2017<br>14/08/2017 ó 31/08/2017 |
| | |
| ESCOLA MÚSICA E CONSERVATORIO | |
| M.J.T.E. | 20/07/2017 ó 31 /08/2017 |
| A.G.A. | 21/07/2017 ó 01/09/2017 |
| F.J.P.F. | 31/07/2017 ó 07/09/2017 |
| M.E.M.M. | 24/07/2017 ó 01 /09/2017 |
| J.R.C. | 27/07/2017 ó 31/08/2017 |
| R.E.M. | 22/06/2017 ó 24/07/2017 |
| J.A.C.V. | 23/06/2017 ó 24 /07/2017 |
| M.R.G. | 23/06/2017 ó 24 /07/2017 |
| J.R.R.P. | 23/06/2017 ó 24/07/2017 |
| D.R. | 23/06/2017 ó 24 /07/2017 |
| J.A.M. | 23/06/2017 ó 24 /07/2017 |
| L.M.C.P. | 22/06/2017 ó 24/07/2017 |
| S.M.P. | 22/06/2017 ó 24/07/2017 |
| | |
| AUDITORIO MUNICIPAL | |
| J.J.P.E. | 1/08/2017 ó 8/09/2017 |
| A.O.M. | 11/07/2017 ó 12 /08/2017 |
| F.A.M. | 16/08/2017 16/09/2017 |
| | |
| TURISMO | |
| C.P.M. | 19/06/2017 ó 23/06/2017<br>11/09/2017 ó 21/09/2017<br>22/12/2017 ó 8/01/2018 |
| | |
| DEPORTES | |
| J.R.R.A. | 12/06/2017 ó 19/06/2017<br>14/08/2017 ó 12/09/2017 |
| M.T.G. | 29/05/2017 ó 05/06/2017<br>02/11/2017 ó 27/11/2017 |
| | |
| OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES | |

| | |
|---|---|
| J.M.H. | 07/06/2017 ó 21/06/2017<br>12/12/2017 ó 29/12/2017 |
| A.S.A. | 18/05/2017 ó 31/05/2017<br>11/09/2017 ó 28/09/2017 |
| | |
| CONSERXES | |
| | |
| CONCELLO | |
| E.G.F. | 16/08/2017 ó 24/09/2017 |
| M.F.S. | 15/06/2017 ó 21/06/2017<br>24/07/2017 ó 14/08/2017<br>01/09/2017 ó 06/09/2017 |
| | |
| CENTRO SOCIAL | |
| A.P.C. | 19/06/2017 ó 30/06/2017<br>03/07/2017 ó 14/07/2017<br>29/08/2017 ó 01/09/2017 |
| I.G.M. | 17/07/2017 ó 24/08/2017 |
| | |
| PRAZA DE ABASTOS | |
| J.C.C.C. | 1/08/2017 ó 1/09/2017<br>16/10/2017 ó 20/10/2017 |
| | |
| P.R.G. | 22/06/2017 ó 31/07/2017 |
| | |
| CEIP A RÚA | |
| F.V.F.P. | 20/07/2017 ó 31/08/2017 |
| | |
| CEIP NAZARETH | |
| J.Á.S.M. | 3/07/2017 ó 10/08/2017 |
| | |
| CEIP SAN ROQUE | |
| P.F.F. | 21/07/2017 ó 31/08/2017 |
| | |
| CEIP CASTRILLÓN | |
| G.C.G. | 3/07/2017 ó 9/08/2017 |
| | |
| CEIP ESPIÑEIRA | |
| V.C.G. | 17/07/2017 Ó 25/08/2017 |
| | |
| CEIP O HÍO | |
| J.J.P.A. | 21/07/2017 ó 31/08/2017 |
| | |
| LIMPADORAS | |

| | |
|---|---|
| | |
| CASA OFICIOS, ADULTOS, XUVENTUDE | |
| M.P.C.M. | |
| UAD, CASA DA CULTURA | |
| M.L.B.C. | |
| | |
| CEIP O HÍO | |
| D.V.O. | 17/07/2017 o 25/08/2017 |
| | |
| CEIP ESPIÑEIRA | |
| M.P.P. | 01/07/2017 ó 9/08/2017 |
| | |
| CEIP NAZARETH | |
| A.M.B.G. | 24 /07/2017 ó 3/09/2017 |
| | |
| CEIP CASTRILLÓN | |
| C.Ch.M. | 1/08/2017 ó 7/09/2017 |
| | |
| POLICÍA LOCAL | |
| A.A.B. | 24/04/2017 ó 14/05/2017<br>31/07/2017 ó 20 /08/2017 |
| J.L.B.R. | 29/05/2017 ó 22/06/2017 |
| C.M.M. | 29/05/2017 ó 22/06/2017<br>24/07/2017 ó 17/08/2017 |
| M.A.P. | 26/06/2017 ó 20/07/2017<br>21/08/2017 ó 14/09/2017 |
| D.V.P. | 26/06/2017 ó 20/07/2017<br>21/08/2017 ó 14 /09/2017 |
| A.G.G. | 24/07/2017 ó 17/08/2017<br>18/09/2017 o 12 /10/2017 |
| J.V.C. | 17/07/2017 ó 10/08/2017<br>9/10/2017 ó 2/11/2017 |
| R.P.G. | 22/05/2017 ó 4/06/2017<br>14/08/2017 ó 7 /09/2017 |
| X.M.A.C. | 5/06/2017 ó 29/06/2017<br>11/09/2017 ó 5/10/2017 |
| E.R.B. | 25/09/2017 ó 19/10/2017<br>31/07/2017 ó 24/08/2017 |
| L.C.V. | 08/05/2017 ó 1/06/2017<br>3/07/2017 ó 27/07/2017 |
| V.M.P.H. | 7/08/2017 ó 31/08/2017<br>4/09/2017 ó 28/09/2017 |
| J.L.D.P. | 12/06/2017 ó 6/07/2017<br>10/07/2017 ó 3 /08/2017 |

| | |
|---|---|
| E.L.S. | 13/03/2017 ó 6/04/2017<br>17/07/2017 ó 10/08/2017 |
| J.C.R.F. | 24 /04/2017 ó 18/05/2017<br>14/08/2017 ó 7/09/2017 |
| R.G.B. | 5/06/2017 ó 29/06/2017<br>15 /09/2017 ó 5/10/2017 |
| M.L.G.G. | 17/07/2017 ó 18/08/2017 |
| A.M.F. | 1/08/2017 ó 21/08/2017<br>2 /10/2017ó 20/10/2017 |
| X.M.B. | 05/06/2017 ó 29/06/2017<br>28/08/2017 ó 21/09/2017 |
| | |
| SERVIZO DE GUINDASTRE | |
| A.A.P. | 20/07/2017 ó 14/08/2017<br>20/09/2017 ó 03/10/2017 |
| B.B.M. | 16/08/2017 ó 19/09/2017 |

**Expediente 3804/2017. Renovación pasaxe permanente (L.F.C.F.)**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:**<br>Unanimidade/Asentimento |

Nº REX. POLICÍA: 730/2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE PASAXE PERMANENTE Nº 704

con relación ao escrito presentado por L.F.C.F. no que solicita a renovación do pasaxe permanente instalado en Rúa Aragón nº 1-Cangas, infórmase que non existe inconveniente para acceder ao solicitado.

**Expediente 3025/2017. POS 2017 LIÑA 1 ROZADORA BRAZO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:**<br>Unanimidade/Asentimento |

Proposta de aprobación da adxudicación á mellor oferta dos tres orzamentos presentados á "MDC Ingeniería SL", ao abeiro da resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión de axudas con cargo ao POS-2017, de adquisición de rozadora de brazo para tractor con material de malla para limpapraias.

**Expediente 3029/2017. POS 2017 LIÑA 1 VEHÍCULO ELÉCTRICO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:**<br>Unanimidade/Asentimento |

Aprobar adxudicación para a subministración de vehículo eléctrico para xardinería á mellor

oferta dos tres orzamentos presentados: presuposto de "DARLIM" (incorporado ao expediente), ao abeiro da resolución da Deputación Provincial de concesión de axuda co cargo ao POS-2017 (Liña 1, Investimentos).

| **Expediente 3805/2017. ALEGACIÓNS TRANSPORTE DE GALICIA** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Dáse conta do escrito de alegación ao Anteproxecto de explotación do Sistema integrado de transporte de Galicia. Servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral XG525 "Pontevedra-Bueu-Cangas-Vigo con anexos", remitido ao Servizo Provincial de Mobilidade o 09.06.2017 (Rexistro de saída núm. 2017-S-RC-2697), que literalmente di:

"Don Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas, vista a publicación no Diario Oficial de Galicia 101 de 30 de maio de 2017 da resolución do anteproxecto de explotación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral XG525 "Pontevedra-Bueu-Cangas-Vigo con anexos" e suxeita á presentación de alegacións.

Resultando que foi remitida á Dirección Xeral de Mobilidade a renuncia expresa a continuar na explotación dos contratos de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que atendían tráficos no ámbito de dito anteproxecto xerando a necesidade de adoptar medidas urxentes para garantir o mantemento deste servizo público.

Resultando que na memoria xustificativa do anteproxecto indica que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda desenvolveu unha planificación dos servizos de transporte público que debían dar continuidade ás relacións de tráfico que se perderían tras o vencemento dos contratos e a renuncia expresa das empresas.

Resultando que dita planificación tal como figura na memoria axústase a criterios de eficiencia económica sen ter en conta no caso do Concello de Cangas que se manteña, cando menos, os mesmos niveis de calidade e prestación do servizo que tiñamos previamente así como de dotar ao servizo público de transporte dunhas condicións adecuadas de regularidade, frecuencia e horarios de relación coas localidades onde se sitúan os centros de atración de viaxes: servizos sanitarios, de educación, de lecer e administrativos.

Dentro do prazo establecido de exposición pública presenta as seguintes ALEGACIÓNS:

<u>PRIMEIRA.-</u> LIÑA CANGAS-COIRO.

No anteproxecto elimínase a ruta Cangas-Coiro, que prestaba a empresa que levaba á explotación dos contratos de xestión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral no Concello de Cangas, esta renuncia supón a privación de servizo ás persoas usuarias que ven seriamente afectada a súa mobilidade na conexión entre a parroquia de Coiro (25,73%

da poboación total do concello) e o centro urbano (25,97% da poboación total).

Solicitamos o mantemento do servizo, cando menos, nas frecuencias e horarios que estaban establecidos anteriormente dando continuidade ás relacións de tráfico mantendo os mesmos niveis de calidade e prestación do servizo de que dispoñían previamente.

| Paradas na ruta Cangas-Coiro ida e volta |
|---|
| Cangas - Estación de Autobuses (Cangas) |
| Cangas - Concello (Cangas) |
| Cangas - Praia Rodeira (Cangas) |
| Cangas - Capela O Espírito Santo (Espírito Santo (O)) |
| Coiro - Bar Siete (Cangas) |
| Coiro - Igrexa (Igrexario (O)) |
| Coiro - O Muíño (O Espírito Santo (O)) |
| Coiro - Savín (Cangas) |
| Coiro - Río (Cangas) |
| Coiro - Capela San Blas (Cangas) |

SEGUNDA.- LIÑA 1 BUEU-VIGO E.A.

A primeira saída en días laborables é ás 6:45 desde Bueu pasando por Cangas ás 7:00, horario de chegada á Vigo ás 8:00h. Este horario impide que o transporte público sexa unha opción para as persoas que comezan a súa xornada laboral ás 8:00 en Vigo, pois hai que sumar o tempo de desprazamento ata o centro de traballo.

Solicitamos unha saída de Bueu ás 6:15h con chegada a Vigo ás 07:30 h.

TERCEIRA.- LIÑA 2 CANGAS-ÁLVARO CUNQUEIRO

Solicitamos á Dirección Xeral de Mobilidade que dentro da modificación das condicións de explotación do contrato V-7023; XG397, autorizada na súa resolución de 19 de novembro de 2015, incluír a totalidade das ampliacións de horario e novas liñas entre Cangas e o Hospital Álvaro Cunqueiro que figuran nas alegacións efectuadas polo Concello de Cangas en data 9 de outubro de 2015.

No anteproxecto publicado non se recollen as demandas do Concello de Cangas en relación ás liñas, frecuencias e horarios, incumprindo así os obxectivos que figuran no propio anteproxecto de dotar ao servizo público de transporte dunhas condicións adecuadas de regularidade, frecuencia e horarios de relación coas localidades onde se sitúan os centros de atracción de viaxes: servizos sanitarios, de educación, de lecer e administrativos, que neste caso, que o hospital público de referencia da poboación de Cangas é o Álvaro Cunqueiro, afecta seriamente á mobilidade dos veciños e veciñas e traballadores e traballadoras que teñen que desprazarse ao Hospital de Beade (Álvaro Cunqueiro).

Ampliar con 3 liñas directas que se axusten ou máis acaído ao horario laboral .
Estas novas liñas serían: saída de Cangas ás: 6:45h / 13:45h / 20:45h
Volta ás: 8:15h / 15:15h / 22:15h

A ampliación das frecuencias:
13:45/20,45 Ida.
15:15/22:15 Volta.

Tendo en conta que non hai frecuencia á Vigo desde ás 10:15 ata ás 16:15 ampliar esta liña ás 12:00.

CUARTA.- SERVIZO INTEGRADO CON ESCOLARES

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda desenvolveu unha planificación dos servizos de transporte público promovendo a introdución de novas modalidades de prestación, como o transporte baixo demanda ou a integración de servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias.

Dita integración responde o contido do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017, sobre o proceso de racionalización e integración de servizos de transporte público contratados pola Xunta de Galicia e o lanzamento do proceso así, introdúcese unha integración de servizos mediante reserva de praza a favor de escolares, en aplicación do disposto no artigo 78 de Lei 2/2017, do 8 de febreiro.

Non debemos esquecer que abrangue unha poboación de máis de 26.500 persoas que precisan dispor de medios de transporte colectivos eficientes como alternativa ao uso do vehículo privado. No Anexo I Liñas e Rutas, non se contempla ningún servizo integrado no Concello de Cangas polo que solicitamos:

* A inclusión de liñas de servizo integrado no Concello de Cangas que facilite a mobilidade e responda á demanda dos usuarios e usuarias da totalidade das cinco parroquias deste concello.

QUINTA.- CONEXIÓN ENTRE PARROQUIAS

O anteproxecto contempla o Concello de Cangas unicamente como punto de partida ou chegada ó centro urbano de Cangas (Estación Autobuses Cangas). Non aporta soluciónss ou alternativas á mobilidade desde as parroquias ata o centro urbano de Cangas, como podería ser o servizo integrado con escolares.

As principais afectadas son as parroquias de Aldán –O Hío – Darbo, que suman practicamente o 50% da poboación do Concello de Cangas.

Consideramos preciso estudar alternativas no transporte de viaxeiros que redunden na mellora da mobilidade e da calidade de vida da veciñanza das parroquias de Aldán –O Hío-Darbo –

Coiro, de cara a fixar poboación nos núcleos rurais do noso Concello e mellorar a cohesión social do noso territorio.
A continuación amósanse os datos poboacionais asociados ás 5 entidades locais do Concello de Cangas, desagregando o dato que figura na páxina 5 do anteproxecto, sendo a poboación de Cangas no 2016 de 26.584 habitantes e unha densidade de poboación superior a dos demais municipios presentados no anteproxecto.

Visto canto antecede, o Concello de Cangas solicita teñan por formuladas estas alegacións en tempo e forma, se admita esta proposta e se proceda á incorporación ao anteproxecto de explotación.

**PROPOSTA DE CAMBIO DE ACTIVIDADE E TRANSMISIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 16**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Expediente nº 254/2017

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA O CAMBIO DE ACTIVIDADE E TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 16

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada 30.03.2017 CARCOGAL S.COOP. GALEGA, con CIF F-94.134.137 e enderezo en rúa Sucasa, nº 1-Ribadumia-Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular e autorizado a venda de produtos de ferretería, a favor de E.E.J., domiciliada en PL Torneiros Fase 4, Bl 13-4ºIz-O Porriño, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización para a venda de produtos téxtiles.

II.- Por escrito de data de rexistro de entrada 19.05.2017, CARCOGAL S.COOP. GALEGA, con CIF F-94.134.137 e enderezo na rúa Sucasa, nº 1-Ribadumia-Pontevedra, solicita actualizar a actividade do posto do mercadiño municipal, incluíndo a actividade de textil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos neste, polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- O vixente regulamento de venda ambulante ten entre outros obxectivos o de impedir que se perda a diversidade no mercado de venda ambulante, como demostra a redacción do artigo 15

do mesmo relativo a concesións de autorizacións que nun dos seus apartados expresamente sinala como un dos criterios de adxudicación a diversificación dos produtos obxecto de venda. No presente caso o posto de venda ambulante do que é titular CARCOGAL S.COOP. GALEGA, con CIF F-94.134.137, é un posto de ferretería e un cambio como o que se pretende vai en contra desa diversificación, polo exceso de postos de venda de téxtil. Admitir solicitudes como as presentadas podería ser unha vía para sortear fraudulentamente o obxectivo que persegue o regulamento de manter a diversidade de produtos expendidos, o que iría en contra do interese xeral dos usuarios.

Vista a documentación presentada xunto coa solicitude, non se dan as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente E.E.J., nin o cambio de actividade a téxtil que se solicita.

IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais, transmisións ou calquera modificación é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar, con base na motivación exposta, a solicitude de cambio de actividade no mercadiño municipal de venda ambulante a nome de "Carcogal Soc. Coop. Galega".

SEGUNDO.- Denegar igualmente o cambio de titularidade de "Carcogal Soc. Coop. Galega" para E.E.J. baseándose nos mesmos motivos.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de sinatura de protocolo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, "ABANCA Corporación Bancaria SA", e o Concello de Cangas para a celebración das festas de Semana Santa**

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, "ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA" E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA SEMANA SANTA

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017

REUNIDOS

Por unha banda, Dª María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5° do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da

Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito de competencia.

Pola outra, D. Xosé Manuel Pazos Varela alcalde do Concello de Cangas no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na i 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

E doutra, D. Santiago Novoa García, director de Banca Institucional en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A.,en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, n°2, con NIF A70302039.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Cangas, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a/s Festa/s da Semana Santa, declarada de interese turístico de Galicia no ano 2002.

Segundo.- Que a relevancia acadada por esta testa tan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando asi a mellora económica do sector.

Que a/s Festa/s da Semana Santa combina actividades ( relixiosas, culturais, lúdicas, gastronómicas....), sendo o concello de Cangas a entidade organizadora..

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuir así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido na cláusula segunda no dito convenio marco a Axencia Turismo de Galicia comprométese a tramitar os protocolos de colaboración entre as tres partes, sen que neste caso a Axencia Turismo de Galicia, teña que aportar cantidade a maiores que a que corresponda á entidade organizadora pola resolución de concesión de subvencións que anualmente convoca a Axencia Turismo de Galicia.

Quinto.- Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lie permitan acadar os seus obxectivos.

Sexto.- Que a Axencia Turismo de Galicia ditou a Resolución da Axencia Turismo de Galicia do 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia.

No artigo 2.4 desta resolución regúlanse o consentimento e as obrigas dos concellos interesados na colaboración económica de ABANCA para o apoio ao desenvolvemento das ditas festas. O importe desta colaboración será de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Sétimo.- Que o concello de Cangas solicitou o 14.02.2017 unha axuda de acordo coa antedita resolución.

Na súa solicitude o concello de Cangas manifesta expresamente o seu interese na colaboración de ABANCA para a promoción da festa da Semana Santa

Oitavo.- Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición deste protocolo, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do protocolo
Constitúe o obxecto deste protocolo establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Cangas , para as accións de apoio á promoción e difusión da/s Festa/s da Semana Santa por considerar este evento como un elemento importante de desenvolvemento da Axencia Turismo de Galicia.

Segunda.- Orzamento e financiamento
O orzamento estimado para a actividade obxecto deste protocolo é de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Deste orzamento ABANCA colaborará nas acións descritas cunha achega de mil cincocentos euros (1.500,00 €), que se minorará proporcionalmente ao gasto xustificado.
A Axencia Turismo de Galicia facilitará ao concello de Cangas o logotipo, imaxe ou signo distintivo corporativo de ABANCA que esta á súa vez lle facilitara á axencia para tales efectos.

Terceira.- Compromisos do concello de Cangas
O Concello de Cangas comprométese a:

1.- Levar a cabo as accións obxecto do protocolo para a celebración das Festas da Semana

Santa.

2.- Incorporar o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia. Este distintivo deberá incluírse en calquera soporte publicitario que faga promoción da festa por parte da Organización, ocupando unha porcentaxe dun 2% como espazo mínimo en ditos soportes publicitarios, extremo que será comprobado pola entidade ABANCA. Así mesmo, deberá remitir ao correo electrónico jmnogueirad@abanca.com, previa a produción dos soportes publicitarios, unha mostra da aplicación do distintivo da entidade nos soportes. ABANCA validará a aplicación da súa marca e remitirá un xustificante que o acredite.

Cuarta.- Xustificación de fondos e pagamento

De acordo co establecido no artigo 16 da resolución de convocatoria de 29 de decembro, o prazo para xustificar a execución do obxecto do convenio é do 30 de setembro de 2017 ou 20 de decembro cando o evento subvencionado se celebre con posterioridade a esa data.
A achega de ABANCA será pagada directamente por esta ao concello de Cangas unha vez que este concello remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios. Para tramitar a colaboración de ABANCA, o citado concello deberá remitidle dirección jmnogueirad@abanca.com a seguinte documentación:

- Solicitude de abono en formato pdf. (Anexo 1).
- Memoria en formato pdf na que se amosen fotografías dos soportes publicitarios onde se aplicou a marca ABANCA.
- Xustificante emitido por ABANCA, antes da celebración da festa, no que valide a aplicación do seu distintivo nos soportes publicitarios.

Quinta.- Comisión de seguimento
Para o seguimento do protocolo, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello, un representante de ABANCA e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Sexta.- Natureza xurídica
Este protocolo de colaboración ten carácter administrativo, rexéndose aos seus efectos polas cláusulas nel establecidas, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Sétima.- Causas de resolución
Serán causas de resolución deste protocolo o mutuo acordo das partes ou o incumprimento das cláusulas contidas nel.

Oitava.- Vixencia
Este protocolo entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 20 de decembro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este protocolo, por triplicado exemplar e a un só

efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

**DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A ASOCIACIÓN DE SOCORRISTAS PROFESIONAIS DO MORRAZO (ASPOM) PARA DESENVOLVEMENTO DE CURSO DE FORMACIÓN**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E ASPOM (ASOCIACIÓN DE SOCORRISTAS DO MORRAZO) PARA O DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DUN CURSO PONTE DE FORMACIÓN PARA A ADAPTACIÓN DE COMPETENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA NA ESPECIALIDADE DE SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xosé Manuel Pazos Varela, como alcalde do Concello de Cangas, en exercicio das competencias atribuídas polos artigos 21,1-b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local e 61,1-a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D. Javier Vázquez Refojos, con D.N.I. 39.454.708-W, como presidente da Asociación de Socorristas Profesionais do Morrazo (en adiante ASPOM), con C.I.F. G-94149655, con domicilio social no Camiño das Furnas 12 – Santa Marta (CP 36940) de Cangas.

INTERVEÑEN

Ámbalas dúas partes, no exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas, recoñecéndose reciprocamente a capacidade e competencia necesarias para a formalización deste documento, e na súa virtude,

MANIFESTAN

Que o Concello de Cangas ten entre as súas competencias, a de favorecer as actividades de promoción turística e de desenvolvemento local que repercutan positivamente na economía deste Concello.

Así mesmo, a asociación ASPOM contempla entre os seus fins, formar a profesionais en socorrismo en Espazos Acuáticos Naturais (EAN), capacitándoos para a realización das actividades de salvamento marítimo nas praias, velando pola seguridade dos usuarios e intervindo en posibles situacións de risco.

En base ao exposto, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DUN CURSO PONTE DE FORMACIÓN PARA A ADAPTACIÓN DE COMPETENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA NA ESPECIALIDADE DE SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS**, con suxeición ás seguintes.

CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.- Organización**

ASPOM asumirá a organización do devandito Curso, que vai dende o día 18 de xuño ata o día 9 de xullo de 2017, comprometéndose a cumprir con todas as obrigas descritas neste convenio, a fin de que tanto a celebración do evento como a colaboración do Concello de Cangas co mesmo, consoliden a promoción turística e de desenvolvemento local.

**SEGUNDA.- Obrigas de ASPOM**
Coa sinatura deste convenio a entidade ASPOM comprométese a:

1. Organización integral do curso asumindo a xestión administrativa, comercial, publicitaria, etc.

2. Levar coa dilixencia debida a conta de ingresos e gastos que impliquen a organización deste evento, debendo render contas con total transparencia ao Concello de Cangas na conta xustificativa que deberán presentar.

3. Na cartelería realizada para o acto deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Cangas, para o cal este facilitará á organización o logo oficial do Concello de Cangas.

4. As actividades levadas a cabo para o desenvolvemento do evento, realizaranse con estrito cumprimento das esixencias administrativas correspondentes en canto a autorizacións, licencias ou permisos, condicións de seguridade, sanidade, etc., así como a contratación dun seguro de accidentes para os asistentes ao curso.

5. O organizador marcará como máximo, un tope de 25 asistentes e un mínimo de 15 para iniciar o curso, e contará con tres (3) profesores para o desenvolvemento do devandito curso.

**TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Cangas**
O Concello de Cangas participará na celebración do referido evento como colaborador, asumindo neste acto os seguintes compromisos:

1. Colaboración económica por importe de 173,38€ con cargo ao vixente orzamento municipal. Esta cantidade económica deberá ser xustificada pola entidade ASPOM de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.

2. Facilitar a utilización da piscina municipal para os días 18, 24 e 25 de xuño, así como, a cesión do material necesario para o desenrolo do curso.

**CUARTA.- Gastos subvencionables**
Os gastos subvencionables serán os efectivamente realizados entre as datas de realización do curso, sempre que estean directamente relacionados coa actividade obxecto deste convenio, tales como gastos de imprenta, publicidade, premios, seguro de accidentes, etc.

Aos efectos do previsto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non será precisa a acreditación do pagamento efectivo do gasto (agás no caso de premios que estean establecidas en metálico), considerándose como data de realización do gasto, salvo proba en contrario, a da emisión da documentación xustificativa.

Esta axuda económica será compatible con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas percibidas pola entidade beneficiaria, sempre que o seu importe total do conxunto non supere

os gastos totais da actividade.

**QUINTA.- Xustificación e pagamento**
As obrigas económicas contempladas neste convenio, serán pagadas polo Concello de Cangas a ASPOM unha vez que sexa aprobada a conta xustificativa que a entidade beneficiaria deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 2 meses contados dende o remate do curso, e que obrigatoriamente deberá incluír a seguinte documentación:

- Memoria económico xustificativa de ingresos e gastos.
- Memoria xustificativa da actividade realizada asinada polo/a representante legal da entidade, debendo incluír descrición das actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos.
- Facturas (orixinais ou copias compulsadas) ou documentos análogos que teñan validez no tráfico xurídico mercantil.
- Declaración responsable de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda Autonómica e co Concello de Cangas) e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar incursos en ningunha causa de prohibición para recibir axudas públicas.
- Certificación da titularidade da conta bancaria ASPOM.

A entidade ASPOM someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que, de acordo co previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realice a Intervención do Concello. A estes efectos, deberá dispoñer de libros e demais documentos contables que sexan esixidos na súa normativa específica, así como os documentos xustificativos da totalidade dos gastos declarados na xustificación da subvención concedida e da aplicación dos fondos recibidos, que acrediten a realidade e regularidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada e todos aqueles que sexan necesarios para a realización das actuacións de comprobación e control que no seu caso acorde o Concello de Cangas.

**SEXTA.- Emenda de defectos ou erros na xustificación**
En caso de que a xustificación presentada non se axuste ao disposto neste convenio, o Concello de Cangas requirirá á entidade beneficiaria para que nun prazo de 10 días hábiles proceda a emendar as deficiencias. De non cumprir co requirido no prazo establecido entenderase que ASPOM desiste ou renuncia á axuda económica contemplada neste convenio.

**SÉTIMA.- Causas da resolución do convenio**
Serán causas da resolución do presente convenio, que darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

a) O incumprimento das cláusulas do convenio.

b) A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.

c) A xustificación con gastos de actividades distintas das asinadas por este convenio.


Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850

d) A falta de xustificación nos termos indicados na cláusula QUINTA.

e) O incumprimento das obrigas administrativas que resulten esixibles pola natureza da/s actividade/s subvencionada/s.

f) Os restantes supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

**OITAVA.- Aplicación e interpretación do convenios**
A Alcaldía do Concello será o órgano competente para a resolución das dúbidas respecto á interpretación do presente convenio.

En todo o non expresamente previsto neles terase en conta o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación específica aplicable á materia.

**NOVENA.- Vixencia**
A duración do presente convenio de colaboración abranguerá todas as datas da celebración do curso sen posibilidade de ser prorrogado.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**